



# VI ENCONTRO GALEGO DE ILUSTRACIÓN

# VI ENCONTRO GALEGO DE ILUSTRACIÓN

www.agpi.es



Sábado 31 de outubro 2009  
Santiago de Compostela  
Sala Caixa Galicia, rúa do Vilar, 19



# MAX

Barcelona, 1956

Autor de BD e ilustrador, cunha vintena de álbums de cómic publicados. Obtivo o Gran Premio do Saló del Còmic de Barcelona (2000) e o Premio Ignatz (EE UU, 1999). En 2002 foi seleccionado para a exposición *Maitres de la bande dessinée européenne* (Biblioteca Nacional de París).



O seu último cómic, *Hechos, dichos, ocurrencias y andanzas de Bardín el Superrealista*, valeulle o Premio Nacional de Cómic en 2007, ademais dos premios á Mellor obra, ao Mellor debuxo e ao Mellor guión no Saló del Còmic de Barcelona 2007.


Foi fundador e codirector editorial da revista de vangarda gráfica *NSLM* entre 1995 e 2007. O seu traballo como ilustrador inclúe carteis, portadas de discos, ilustracións para prensa, libros e animación. Nesa faceta colabora con diarios e revistas de todo o mundo, como *New Yorker*; deseñou un reloxo para a marca Swatch e diversas portadas de discos para músicos como Pascal Comelade ou Radio Futura. Actualmente ilustra para o suplemento *Babelia*, de *El País*. Ten dirixido varios videoclips musicais de animación, así como un episodio da serie *Microfilmes* (Canal Plus).

Entre outros galardóns, recibiu o Premio da Crítica Serra 1996, o Premio Nacional de Ilustración Infantil e Xuvenil 1997 e o Premio Junceda Iberia 2004. Desde 2008 é presidente da FADIP.

[www.maxbardin.com](http://www.maxbardin.com)

# HORACIO ALTUNA

Córdoba, Arxentina, 1941



Debuxante profesional desde 1965. En 1975 creou con Carlos Trillo, para o diario *Clarín*, a serie *El loco Chávez*, que lle reportaría o premio da ADA (Asociación de Dibujantes de la Argentina) en 1978.

Co mesmo guionista publicou despois os álbums *Las puertitas del Sr. López*, *Charlie Moon*, *Merdichesky*, *El último recreo* (finalista en 1987 do premio ao Mellor álbum estranxeiro do Festival de Angulema) e *Tragaperras*. *El loco Chávez* e *Las puertitas del Sr. López* foron levadas á pantalla, en televisión e cinema, respectivamente; no segundo caso, o filme foi premiado en 1978 no Festival de Humor de Vevey (Suiza). En 1987 colaborou no deseño de produción da película *Gringo Viejo*, dirixida por Luis Puenzo e con Gregory Peck e Jane Fonda como protagonistas.

Publicou tamén como autor único de guión e debuxos os álbums *Ficcionario*, *Chances* —polo que recibiu en 1986 o premio Yellow Kid, do Saló Internacional do Cómic de Lucca (Italia)—, *Imaginario*, *Time/Out* e *Hot L. A.*, todos eles traducidos a varios idiomas. Entre 1994 e 2002 volveu a colaborar co diario *Clarín*, coa serie *El Nene Montanaro*. Na actualidade participa coas súas historias na revista *Playboy* e no diario *El Periódico de Catalunya*, coa serie *Familia Tipo*. En 2004 recibiu o Gran Premio do Saló del Còmic de Barcelona, e en 2005, un segundo Yellow Kid, a toda unha vida dedicada á BD.

Foi secretario de cultura da ADA entre 1974 e 1977, e actualmente é presidente da APIC, ademais de membro do Consello de Administración de VEGAP e patrón da Fundación Arte y Derecho.

# VI ENCONTRO GALEGO DE ILUSTRACIÓN

**MAÑÁ. Actos abertos ao público. Entrada libre e gratuíta**

**10:15 RECEPCIÓN**

Proxección audiovisual con traballos dos convidados

**10:25 PRESENTACIÓN OFICIAL DO ENCONTRO**

**10:40 CHARLA: MAX**

**11:40 DESCANSO**

**11:55 ACTUACIÓN MUSICAL: CREXENDO A MODO**

**12:15 CHARLA: HORACIO ALTUNA**

**13:15 COLOQUIO: «O ESTADO ACTUAL DA PROFESIÓN»**

Presentación do Informe 2008 do Observatorio da Ilustración Gráfica e mesa redonda con membros de FADIP

Intervenien:

Henrique Torreiro (xerente de FADIP)

Max (presidente de FADIP)

Horacio Altuna (presidente de APIC)

Santy Gutiérrez (presidente de AGPI)

Modera:

Manel Cráneo (vicepresidente de FADIP e vogal de AGPI)

**14:15 FOTOMATÓN NA PRAZA DA QUINTANA**

Foto con todos os socios e convidados asistentes ao Encontro

**TARDE. Actos exclusivos para socios de AGPI**

**15:00 XANTAR DE CONFRATERNIZACIÓN DE SOCIOS AGPI**

Restaurante O Dezaseis (Rúa de San Pedro 16)

(Con inscrición previa)

**17:30 ASEMBLEA XERAL DA AGPI**

**19:00 DESPEDIDA E PECHE**